



XORNADA DE AULAS ABERTAS

Neste novo curso 18/19,

o Club Carmelitas Vedruna e Tics-Espazo de Formación Artística, ofrécenlles ós alumnos de Educación Infantil e primaria a posibilidade de gozar coa Danza, Teatro, Wushu, Break Dance e Patinaxe, como actividades extraescolares. Nesta primeira semana, do 1 ó 6 de outubro, ofrecemos XORNADAS DE AULAS ABERTAS, para que os alumnos do colexio coñezan e poidan experimentar as nosas actividades de forma gratuita.

VIVE AS ARTES E O DEPORTE!

Animádevos a que os vosos pequenos participen!

Só tedes que inscribilos!

Inscricións:

Tics- Espazo de Formación Artística

Pena trevinca 3 baixo D- 651821471/ 604027363- espazotics@gmail.com



EDUCACIÓN INFANTIL:

Danza Creativa: Luns e mércores de 14:15 a 15:15

Imparten PATRICIA VARELA e SARA FONDEVILA

Se buscamos relacionar o movemento coa imaxinación infantil e o benestar dos máis pequenos, non atoparemos nada mellor que a Danza. A danza creativa promove a libre expresión dos nenos/as, a improvisación e a creación de formas moi persoais de expresarse utilizando o corpo. Ofrece un marco idóneo para o desenvolvemento da capacidade creativa e a elaboración dunha linguaxe corporal propia. Os coñecementos que os alumnos/as adquiren, supoñen a base dos que recibirá máis tarde na especialidade de Danza contemporánea. Un espazo lúdico e de creación que se centra no corpo e que os achega a diferentes elementos técnicos da danza, teatro, acrobacia... traballando noções básicas de anatomía, mellorando a forza, coordinación e elasticidade, descubriendo as diferentes calidades do movemento e iniciándose en elementos técnicos como en equilibrios, acrobacias, saltos, xiros...

Xogos teatrais: Luns e mércores de 14:15 a 15:15

Imparten AARON GALLEGO

Abrimos a porta á imaxinación e entramos nun universo máximo. Un espazo onde o neno poida expresar a súa creatividade. Un lugar de encontro coas propias capacidades expresivas e as dos outros, porque na viaxe, experimentamos xuntos. Acompañámoslos nos seus procesos de aprendizaxe e explorando mediante o xogo, aproveitamos a curiosidade innata dos nenos para adentrálos no mundo escénico. Traballaremos:

- Escritura Creativa: Contos, textos dramáticos, creación de personaxes...
- Expresión Corporal e Textual Dende o xogo, explorar o movemento, a acción, a voz e o dicir escénico.
- Achega a outras Artes ás que recorrer e coñecer durante os procesos de creación escénica (artes plásticas, música...)
- Creación Escénica dunha peza teatral única onde os nenos e nenas sexan os propios artífices de tódolos procesos e tarefas que require e ó tempo, se decatan da importancia do traballo en grupo.



EDUCACIÓN PRIMARIA:

Danza Contemporánea: 1º- 3º Primaria: Martes e xoves (14:15-15:15)

4º- 6º Primaria : Martes e xoves (14:15-15:15)

Imparten PATRICIA VARELA e SARA FONDEVILA

A danza contemporánea é unha das expresións artísticas máis significativa e característica dos nosos días. A procura do movemento persoal fai que sexa unha danza moi orgánica, libre, centrada máis na sensación e calidade de movemento que na súa forma. A diferenza da Danza Clásica, que busca movementos de corpos etéreos que parecen non ter peso, a danza contemporánea explora como se relaciona o corpo coa forza da gravidade, xerando desequilibrios, suspensións, caídas e un extenso traballo de chan. O bailarín de danza contemporánea articula a súa columna vertebral con gran liberdade e danza cos seus pés espidos para ter maior contacto coa superficie sobre a que baila. Non se limita a unha soa técnica nin forma de baile, senón que utiliza as técnicas e elementos de diferentes estilos de movemento para expresar a danza como unha obra de arte. Entrenamento moi físico á vez que consciente, utilizando de elementos de diferentes técnicas dentro da danza contemporánea como Flying Low, Release, Contact Improvisation... xunto con elementos técnicos doutras disciplinas como o Ballet Clásico, Capoeira, Break dance, Ioga, Pilates, Acrobacia.... Os alumnos aprenderán coreografías, realizarán exercicios de improvisación, creación e composición coreográfica, perseguindo sempre un obxectivo central: Ter un corpo atento, consciente e unha mente libre.

WUSHU: 1º- 6º Primaria: Luns e mércores (14:15-15:15)

Imparte BRAIS ANSIA

BREAK DANCE: Venres (14:15-15:15)

Imparte Adrián Puga

O Break Dance ten orixe nas rúas de Nova York durante os anos 70-80, convertíndose nun dos bailes máis famosos dentro do movemento Hip Hop. O seu verdadeiro nome era Bboying, por esa razón os que o bailan se denominan "bboys" e "bgirls".

Xurdindo dunha mistura de bailes africanos e latinos, salsa, swing, bugaloo e danzas tribais africanas, a ausencia de normas e prohibicións, provoocou que có paso do tempo fora adquirindo movementos doutros estilos e das artes marciais, inventando e adaptando novos centos de pasos.

Na actualidade, o Break Dance é un baile para todos, onde calquera pode crear, innovar e compartir, xa que o seu valor máis importante é a expresión propia, a personalidade e ir ó encontro do teu propio estilo único.

Neste taller traballaremos os 4 elementos básicos do Break Dance:

- Top Rock: Baile de pé
- Footworks: Baile no chan.
- Freezes: Posturas e imaxes.
- Powermoves: Movementos xiratorios.